


CURIOSIDADE DE DECEMBRO: A CHEGADA DOS ROMANOS À GALICIA CASTREXA.




As de bronce provinte de Calahorra atopado no castro de Vigo.



Fragmento de Terra Sigillata Hispánica
co selo de Lupianus
atopado no castro de Vigo.



Fragmentos de cerámica marmorata
procedentes do castro de Vigo.



A chegada dos romanos trocou para sempre o xeito de vida das comunidades castrexas. Se ben anteriormente xa tiveran contactos con outros pobos (sobre todo con comerciantes púnicos), o mundo romano debeu ter tal impacto que se estendeu rapidamente -maiormente nos castros costeiros- o consumo de produtos traídos por eles: viños, mostos, aceites,... Ademais, os castrexos comenzan a usar as súas vaixelas, a teitar as casas con tellas romanas, empezaron a usar as súas moedas,... En definitiva, adoptaron de bo grao os seus usos e costumes. Esa nova realidade supuxo o principio do fin da sociedade castrexa, e ao redor do século IV d.C practicamente xa non quedaban castros habitados.

Podedes pedir máis información sobre este tema na caseta de acceso ao xacemento.